E

NÚMERO **CIENTO CUARENTA Y TRES.**

En A CORUÑA, mi residencia, a treinta de enero de dos mil trece. ----------

Ante mí, JOSÉ-GUILLERMO RODICIO RODICIO, Notario del Ilustre Colegio de Galicia. ----------

----------COMPARECE: ----------

DON SEVERINO-ÁNGEL ARES LAGO, mayor de edad, casado, empresario, vecino de A Coruña, con domicilio en calle Novoa Santos, 16, 4ºF. DNI 32436502Q. ----------

INTERVIENE en nombre y representación de la entidad denominada **"LONJA DE LA CORUÑA, S.A."**, como representante persona física del Presidente del Consejo de Administración, la Asociación de Armadores de Buques "PESCAGALICIA-ARPEGA-O BARCO".----------

Dicha Sociedad "LONJA DE LA CORUÑA, S.A.", domiciliada en A Coruña, Muelle de Linares Rivas, sin número, fue constituida con duración indefinida mediante escritura autorizada por el Notario de esta Capital, don Francisco-Manuel Ordóñez Armán, el día 21 de enero de 1999.- Figura inscrita en el

Registro Mercantil de A Coruña, Tomo 2151 del Archivo, Sección General de Sociedades, folio 109, hoja C-22.179.- Tiene asignado el C.I.F. número A15678162.----------

Constituye su objeto "*el desarrollo de todas las actividades relacionadas con el sector pesquero, incluso la construcción y arrendamiento de inmuebles para destinarlos a la manipulación, transformación y subasta de los productos de la pesca.*"----------

En virtud de acuerdos de Junta Universal y Consejo de Administración adoptados en sendas reuniones celebradas el día 21 de junio de 2011, cuyos acuerdos causaron en el Registro Mercantil la inscripción 9ª de la señalada hoja C-22.179, conforme a la certificación de dichos acuerdos que tengo a la vista, fueron designados por plazo de dos años los miembros de dicho Consejo y determinados los cargos dentro del mismo, recayendo el de Presidente en "PESCAGALICIA-ARPEGA-O BARCO" y el de Secretario en la "ASOCIACIÓN LOCAL DE EMPRESARIOS MAYORISTAS EXPORTADORES DE PESCADOS Y MARISCOS DE LA CORUÑA", quienes en el mismo acto designaron como personas físicas que las representen en el ejercicio del cargo a don Severino-Ángel Ares Lago y don Pedro Alejandro Corredoira Isasi, respectivamente.----------

Se encuentra facultado para este acto en virtud de acuerdos de Junta Universal y Consejo de Administración de la Sociedad adoptados en reuniones celebradas respectivamente los días 21 de

noviembre de 2012 y 14 de diciembre de 2012, según certificaciones expedidas por el citado don Pedro Alejandro Corredoira Isasi, con el Visto Bueno del propio Sr. Ares Lago, cuyas firmas considero legítimas por ser reconocidas como suyas en mi presencia, e incorporo a esta matriz. ----------

Asevera que la Sociedad que representa existe, que no ha variado la personalidad jurídica de la misma y que su cargo y facultades que ostenta se hallan vigentes, considerándolas yo, Notario, suficientes para este otorgamiento de constitución de fundación. ----------

Yo, Notario, hago constar expresamente que he cumplido con la obligación de identificación del titular real que impone la ley 10/2010, cuyo resultado consta en acta autorizada por mí, Notario, el día 25 de febrero de 2011, bajo el número 441 de protocolo, manifestando el compareciente representante no haberse modificado el contenido de la misma. ----------

IDENTIFICO al compareciente por su referido documento; tiene, a mi juicio, capacidad y legitimación necesaria para otorgar la presente escritura de CONSTITUCIÓN DE LA FUNDACIÓN, a cuyo fin, ----------

----------OTORGA:----------

PRIMERO.- La entidad mercantil "LONJA DE LA CORUÑA, S.A.", por medio de su representante, de conformidad con la Ley 12/2006, de 1 de diciembre de fundaciones de interés gallego, constituye la **"FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL"** (FREMSS), fundación privada de interés gallego, que se regirá por las normas aplicables a las fundaciones de esta clase y por los Estatutos, de los que en este acto me entrega tres ejemplares redactados en idioma gallego, español e inglés (éstos traducidos por la Intérprete Jurado de inglés y francés doña Elisa Rodríguez Petralanda) y uno a esta matriz, dando aquí por reproducido su texto. ----------

Ostenta el CIF provisional G70357173.----------

El compareciente manifiesta que con la denominación dada a la ahora constituida no existe ninguna otra Fundación inscrita en el Registro Único de Fundaciones de Interés Gallego, extremo que me acreditan con la oportuna certificación que me entregan y uno a esta matriz, y se reproducirá en las copias que de la misma se expidan. ----------

SEGUNDO.- DOTACIÓN INICIAL:----------

La dotación inicial de la socia fundadora "LONJA DE LA CORUÑA, S.A." es de **TREINTA MIL (30.000,00) EUROS.**---

Acredita en este acto el ingreso del veinticinco por ciento de

dicha cantidad, o sea, SIETE MIL QUINIENTOS EUROS, en cuenta abierta a nombre de la Fundación en "Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A.", mediante certificación expedida por dicha Entidad, que dejo incorporada a esta matriz. ----------

La cantidad restante, o sea, VEINTIDÓS MIL QUINIENTOS (22.500,00) EUROS, será ingresada en cuenta abierta a nombre de la Fundación en una Entidad de Crédito, en efectivo metálico, dentro del plazo de cinco años a contar desde hoy.----------

TERCERO.- NOMBRAMIENTO DE MIEMBROS DEL PATRONATO.- Conforme a lo establecido en el artículo 12 y siguientes de los Estatutos, se designan miembros natos del Patronato de la Fundación a:----------

1.- Todos los miembros del Consejo de Administración de la Sociedad "LONJA DE LA CORUÑA, S.A.", o sea: ----------

La Asociación de Armadores de Buques denominada "PESCAGALICIA-ARPEGA-O BARCO" (representante don Severino Ares Lago). ----------

"ORGANIZACIÓN DE BUQUES ARRASTREROS CORUÑESES" (representante don Torcuato Teixeira Valoria). --

"ASOCIACIÓN LOCAL DE EMPRESARIOS MAYORISTAS EXPORTADORES DE PESCADOS Y MARISCOS DE LA CORUÑA" (representante don Pedro Alejandro Corredoira Isasi). ----------

"ASOCIACIÓN DE SUBASTADORES DE PESCADOS Y MARISCOS DEL PUERTO DE LA CORUÑA" (representante doña Sonia Revert López).----------

"ASOCIACIÓN LOCAL DE ARMADORES DE PESCA DEL NORTE" (representante don Manuel Otero Eijo). ----------

"ORGANIZACIÓN DE PRODUCTORES DE PESCA FRESCA DEL PUERTO DE LA CORUÑA" (representante don Francisco Etchevers Lemus). ----------

2.- El **Alcalde-Presidente del Ayuntamiento de La Coruña**, cargo que actualmente ejerce DON CARLOS NEGREIRA SOUTO. ----------

3.- La **Conselleira da Consellería do Medio Rural e do Mar de la Xunta de Galicia,** que tiene competencias sobre pesca, cargo que actualmente ejerce DOÑA ROSA QUINTANA CARBALLO.----------

4.- El **Presidente de la Diputación de La Coruña,** cargo que actualmente ejerce DON DIEGO CALVO POUSO.----------

5.- El **Presidente de la Autoridad Portuaria de A Coruña,** cargo que actualmente ejerce DON ENRIQUE LOSADA RODRÍGUEZ. ----------

6.- El **Rector de la Universidad de A Coruña,** cargo que actualmente ejerce DON XOSÉ LUÍS ARMESTO BARBEITO.-

Queda pendiente la aceptación por parte de todos los designados.----------

CUARTO.- NOMBRAMIENTO DE CARGOS.----------

Se nombra Presidente del Patronato de la Fundación conforme a los Estatutos incorporados, a la Asociación de Armadores de Buques "PESCAGALICIA-ARPEGA-O BARCO". ----------

El resto de los cargos se nombrarán en el momento en que se celebre la primera reunión del Patronato.----------

QUINTO.- DON SEVERINO-ÁNGEL ARES LAGO está facultado para realizar los trámites y gestiones que considere convenientes, hasta obtener la inscripción de la Fundación que se constituye, facultándole, incluso, para modificar o ampliar los Estatutos si ello fuere exigible para la inscripción, aunque fuere subsanar o aclarar el contenido de este instrumento. ----------

SEXTO.- Se solicita, conforme a la legislación vigente, en especial la Ley 12/2006, de 1 de diciembre de fundaciones de interés gallego, y Decreto 15/2009, do 21 de enero, por el que se

aprueba el Reglamento del Registro de las mismas, que se inscriba la Fundación en el Registro Único de Fundaciones de Interés Gallego, y sea calificada como tal.----------

SÉPTIMO.- Se solicita la exención del Impuesto de Transmisiones Patrimoniales y Actos Jurídicos Documentados. --

OCTAVO.- Yo, Notario, remitiré a continuación copia simple de la presente escritura al Protectorado de Fundaciones de Interés Gallego, al objeto de comunicar el contenido de la misma.

Hice las reservas y advertencias legales; hechas, asimismo, las advertencias relativas al artículo 5 de la LO 15/1999 de protección de datos de carácter personal.----------.

Leo esta escritura a los comparecientes, por su elección, y manifestando quedar debidamente informados de su contenido, la aprueban y firman conmigo, el Notario, que DOY FE, de que el consentimiento ha sido libremente prestado y de que el otorgamiento se adecua a la legalidad y a la voluntad debidamente informada de los otorgantes, y en general de todo lo expresado en este instrumento público, extendido en estos cinco de clase Notarial, números el presente los tres anteriores y el siguiente, yo, el Notario, doy fe.-

SIGUE LA FIRMA DEL COMPARECIENTE.- FIRMADO: José G.R. , SIGNADO, RUBRICADO Y SELLADO.----------

Sigue Documentación Unida

CERTIFICACIÓN DE ACUERDOS DE LA JUNTA GENERAL EXTRAORDINARIA UNIVERSAL DE ACCIONISTAS DE LONJA DE LA CORUÑA S.A.:

Don Pedro Alejandro Corredoira Isasi, mayor de edad con Documento Nacional de Identidad número 32.398.120-K como Secretario del Consejo de Administración de la compañía mercantil LONJA DE LA CORUÑA S.A. con domicilio en la ciudad de La Coruña, Muelle de Linares Rivas s/n y CIF número A- 15678162.

CERTIFICA

PRIMERO.- Que en el Libro de Actas de la sociedad figura la correspondiente a la sesión de la **JUNTA GENERAL EXTRAORDINARIA** que con carácter **UNIVERSAL** se celebró con fecha 21 de noviembre de 2012 en los locales del Edificio de la Nueva Lonja.

SEGUNDO.- Que asistieron a la referida junta accionistas que representan el 100% del capital social, los cuales se identifican a continuación:

- **Don Severino Ares Lago** actuando en nombre de **Pescagalicia-Arpega-Obarco.**
- **Doña Sonia Revert López** representando a **Asociación de Subastadores de Pescados y Mariscos del Puerto de La Coruña**
- **Don Francisco Etchevers Lemus** representando **a la Organización de Productores de Pesca Fresca del Puerto de La Coruña (OPP-13).**
- **Don Pedro A. Corredoira Isasi** actuando en su calidad de Presidente de la **Asociación Local de Empresarios Mayoristas Exportadores de Pescados y Mariscos de La Coruña.**
- **Don Torcuato Teixeira Valoria,** actuando como representante de la **Organización de Buques Arrastreros Coruñeses (OBARCO)**
- **Don Manuel Otero Eijo,** representando a **Asociación Local de Armadores de Pesca del Norte (ARPENOR).**

Actuó como Secretario, don Pedro Alejandro Corredoira Isasi y como Presidente, quien desempeña tal cargo en el Consejo de Administración de la Sociedad don Severino Ares Lago.

TERCERO.- Que en la referida sesión fueron adoptados por unanimidad, entre otros, los siguientes acuerdos:

"1º) Constituir una fundación a denominar **Fundación Rendemento Económico Mínimo Sostible e Social**, cuyos fines serán:

- El fomento de la economía social y el desarrollo de la economía productiva de Galicia en el sector pesquero.

- Trabajar en el campo de la pesca en general y en los aspectos concretos y estructurales y políticos, medioambientales y sostenibles, sociales y socioeconómicos, en la formación y capacitación, para conseguir el desarrollo económico y social de nuestras entidades, de nuestras empresas, de nuestra sociedad y de nuestra economía.

2º) Aprobar los estatutos que para regir la Fundación se han propuesto a la Junta General, que son firmados por todos y cada uno de sus accionistas.

3º) El nombramiento como patronos natos de la Fundación a todas y cada una de las personas jurídicas que son miembros del consejo de administración de Lonja de La Coruña, S.A., que serán representadas en el patronato de la Fundación por las mismas personas físicas que las representan en dicho consejo de administración.

4º) Facultar a quien actúa como Presidente del Consejo, don Severino Ares Lago, para que en nombre de Lonja de la Coruña S.A. realice cuantas gestiones sean necesarias para la constitución de la Fundación, compareciendo a tal efecto ante cuantos organismos sea preciso y, en particular, para que comparezca ante el notario de su elección a fin de otorgar la correspondiente escritura de constitución, así como todo lo demás que resulte procedente en tal sentido."

Y para que así conste a los efectos oportunos, se expide la presente certificación en A Coruña a tres de diciembre de Dos Mil Doce.

El Secretario
Pedro A. Corredoira Isasi.

Pedro A Corredoira

Vº Bº El Presidente
Severino Ares Lago

CERTIFICACION DE ACUERDOS DEL CONSEJO DE ADMINISTRACIÓN DE LONJA DE LA CORUÑA, S.A.

Don Pedro Alejandro Corredoira Isasi, mayor de edad con Documento Nacional de Identidad número 32.398.120-K como Secretario del Consejo de Administración de la compañía mercantil LONJA DE LA CORUÑA S.A. con domicilio en la ciudad de La Coruña, Muelle de Linares Rivas s/n y CIF número A- 15678162.

CERTIFICA

PRIMERO.- Que en el Libro de Actas de la sociedad figura la correspondiente a la sesión del **CONSEJO DE ADMINISTRACIÓN** que se celebró con fecha 14 de diciembre de 2012 los locales del Edificio de la Nueva Lonja.

SEGUNDO.- Que asistieron a la referida sesión todos los miembros del consejo, que se identifican a continuación:

- **Don Severino Ares Lago** actuando en nombre de **Pescagalicia-Arpega-Obarco.**
- **Doña Sonia Revert López** representando a **Asociación de Subastadores de Pescados y Mariscos del Puerto de La Coruña**
- **Don Francisco Etchevers Lemus** representando **a la Organización de Productores de Pesca Fresca del Puerto de La Coruña (OPP-13).**
- **Don Pedro A. Corredoira Isasi** actuando en su calidad de Presidente de la **Asociación Local de Empresarios Mayoristas Exportadores de Pescados y Mariscos de La Coruña.**
- **Don Torcuato Teixeira Valoria,** actuando como representante de la **Organización de Buques Arrastreros Coruñeses (OBARCO)**
- **Don Manuel Otero Eijo,** representando a **Asociación Local de Armadores de Pesca del Norte (ARPENOR).**

TERCERO.- Que en la referida sesión fue adoptados por unanimidad, entre otros, el siguiente acuerdo:

" En tanto órgano que ostenta la representación ordinaria de la Sociedad, el Consejo acuerda delegar en don Severino Ares Lago, representante de la Asociación PESCAGALICIA-ARPEGA-OBARCO cuantas facultades sean necesarias para que en nombre de Lonja de la Coruña S.A. realice todas las gestiones que sean precisas para la constitución de la Fundación RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL

(FREMSS), compareciendo a tal efecto ante cuantos organismos sea preciso y, en particular, para que comparezca ante el notario de su elección a fin de otorgar la correspondiente escritura de constitución, y tramite ante entidad financiera la constitución del depósito dotacional acordado para la misma, así como todo lo demás que resulte procedente en tal sentido."

Y para que así conste a los efectos oportunos, se expide la presente certificación en A Coruña a tres de diciembre de Dos Mil Doce.

El Secretario
Pedro A. Corredoira Isasi.

Vº Bº El Presidente
Severino Ares Lago

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

galicia

María Amadora Rodríguez Carreira, xefa do Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas,

CERTIFICA:

Que non figura inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego, ningunha fundación con denominación idéntica ou similar á proposta formulada por Severino Ares Lago, con DNI número 32 436 502 Q, coa denominación de "**Fundación Rendemento Económico Mínimo Sostible e Social".**

Para que conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela a dous de novembro de dous mil doce.

Este certificado terá unha vixencia de tres meses contados desde a data da súa expedición (artigo 42.2 do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de fundacións de interese galego).

BBVA

CONCEPCION ARENAL 15
15006 A CORUÑA

BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A. - Plaza San Nicolás, 4 - 48005 BILBAO - Reg. Mer. Vizcaya - Tomo 3858, Folio 1, Hoja BI-17-A, Inscripción 1035 - C.I.F. A-48265169

D/Dña VICTOR SAMUEL COUTO OUSINDE Apoderado del
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A. Sucursal 2201

CERTIFICA:

A efectos de lo dispuesto en la vigente legislación mercantil en materia de Sociedades, que en esta oficina y en la cuenta 0182 - 2201 - 48 - 0201600183
a nombre de FUNDACION RENDEMENTO ECONOMICO MINIMO SOSTIBLE E SOCIAL, G70357173 , se ha ingresado el importe de 7.500 euros, con fecha 29/01/2013 , en concepto de aportación dineraria a capital, por cuenta de
LONJA DE LA CORUÑA S.A. CIF. A15678162

En A CORUÑA , a 29 de ENERO de 2013

BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A.
Por Poder

ESTATUTOS DA FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL

TÍTULO PRIMEIRO

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Denominación e natureza

Ó abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución española, coa denominación de "Fundación RENDEMENTO ECONOMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL" (FREMSS), constitúese unha organización de natureza fundacional, de interese galego, constituída sen ánimo de lucro, o patrimonio da cal está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral que se establecen nestes estatutos.

Artigo 2. Domicilio e ámbito de actuación

O domicilio da fundación radicará no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, NA LONXA DA CORUÑA, SITA EN A CORUÑA, MUELLE DE LINARES RIVAS , S/N, 15005 A CORUÑA

O padroado poderá promove-lo cambio de domicilio, mediante a oportuna modificación estatutaria, con posterior comunicación ao protectorado e inscrición no Rexistro de fundacións.

A fundación desenvolverá as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia

Para o mellor cumprimento dos seus fins, a fundación poderá crear delegacións en territorio distinto ao do seu ámbito de actuación, así como establecer relacións instrumentais con terceiros en calquera ámbito territorial.

Artigo 3. Personalidade e capacidade

A Fundación terá personalidade xurídica desde a inscrición da escritura pública de constitución no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, que lle atribúe plena capacidade xurídica e de obrar, podendo realizar en consecuencia todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento dos fins fundacionais, con suxeición ó establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 4. Duración

A fundación constitúese por tempo indefinido. Porén, se nalgún momento os fins propios da fundación se estimasen cumpridos, ou fose imposible a súa realización, o padroado poderá acordar a extinción, de conformidade co disposto na lexislación vixente e nestes estatutos.

Artigo 5. Réxime normativo

A Fundación rexerase pola vontade do fundador expresada nestes estatutos, polas disposicións que en interpretación e desenvolvemento dos mesmos estableza o padroado, e en todo caso pola Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, polo Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro polo que se aproba o Rexistro de fundacións de interese galego, e polas demais normas que as desenvolvan ou substitúan.

Así mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións, pola Lei 49/2002, de 23 de decembro de Réxime Fiscal das Entidades sen fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, e polo R.D. 1270/2003, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do Réxime Fiscal das Entidades sen fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, así como pola demais normativa que sexa de aplicación.

TÍTULO SEGUNDO

OBXECTO DA FUNDACIÓN

Artigo 6. Fins

A fundación ten por obxecto:

1º. Fomento da economía social e desenvolvemento da economía produtiva de Galicia no sector pesqueiro.

2º. Traballar no eido da pesca en xeral e nos aspectos concretos e estruturais ou políticos, medioambientais e sustentables, nos innovadores ou competitivos, nos sociais e socioeconómicos, na formación e capacitación, para acadar o desenvolvemento económico e social das nosas entidades, das nosas empresas, da nosa sociedade e da nosa economía.

O desenvolvemento do obxecto fundacional poderá facerse ben directamente por parte da Fundación ou mediante a colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fines fundacionais.

Artigo 7. Actividades fundacionais

Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, a fundación pode realiza-las seguintes actividades:

Fomentar o estudo, a investigación, o desenvolvemento e a execución, de accións, programas e proxectos, en materia de pesca tendentes á elaboración e implantación nas políticas pesqueiras nos ámbitos autonómico, estatal e comunitario do REMSS (rendemento económico mínimo sostible e social), entendendo por dito concepto AS VARIABLES ECONÓMICAS E PRODUTIVAS para que, en consideración a ter en conta ao pescador como un elemento mais do ecosistema mariño, se manteña a actividade pesqueira e a economía produtiva dependente deste sector nos niveis suficientes para non poñer en perigo o emprego e a industria dependente da actividade pesqueira.

A creación, transmisión, impulso, difusión do Coñecemento no eido da pesca, como xeito de mellora continua na procura dun sector máis sustentable e responsables co medio.

O estudo, divulgación e mellora do rendemento necesario para garantir a supervivencia do sector extractivo pesqueiro e a economía produtiva dependente deste.

Contribuír a mellora da formación (en calquera das súas modalidades ou niveis) do sector en xeral de modo que veña a mellorar a capacidade competitiva das organizacións e dos traballadores.

A procura de financiamento e/ou recursos económicos para facer actividades que beneficien o melloren tanto a propia competitividade das empresas, como a introdución de metodoloxías innovadoras ou o progreso económico social do noso entorno.

Para poder acadar os fins recollidos nestes estatutos, a Fundación poderá –entre outras actuacións- promover as seguintes:

Organizar congresos, conferencias, coloquios, reunións de estudo, etc..., sobre temas relacionados co REMSS, e dicir co rendemento económico necesario para garantir a supervivencia das empresas do sector extractivo pesqueiro e a economía produtiva dependente deste.

Executar directamente, en solitario ou en colaboración con outras entidades, actividades, cursos e iniciativas de todo tipo, relacionadas co REMS, e a súa implantación como parámetro básico na realización da política pesqueira nos seus diferentes ámbitos, e a súa toma en consideración polas diferentes Administracións.

Promover o interese e a sensibilidade por parte das empresas, das institucións e da comarcas e a sociedade en xeral polos temas propios do sector da pesca e en especial por aqueles vencellados á investigación, o desenvolvemento ou a innovación. Facer un especial esforzo por divulgar e difundir esta sensibilidade no tecido empresarial galego.

Establecer colaboracións científicas e académicas, no xeito que legalmente corresponda, con outras entidades públicas e privadas, nacionais e internacionais nas materias propias da súa actividade.

Impulsar o desenvolvemento de estudios e actuacións, no marco dos fins propios da Fundación, para a detección de necesidades de I+D+i e a súa incorporación aos plans e programas de desenvolvemento que poidan existir en cada momento.

Promover plataformas de encontro, análise e debate sobre I+D+i e a súa incorporación aos plans de traballo e os diferentes programas de desenvolvemento existentes nos eidos propios da nosa actividade.

Promover Observatorios ou plataformas de encontro e análise permanente que poidan medir, avaliar ou comparar calquera dos aspectos que resulten relevante para o sector da pesca.

Calquera outra actividade que o Padroado considere de interese para a consecución dos seus fins.

A fundación poderá realizar actividades mercantís que teñan por obxecto o cumprimento dos fins fundacionais, ou sexan complementarias ou accesorias das anteriores, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia.

Artigo 8. Liberdade de actuación

O padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da fundación, tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, a xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan os máis adecuados ou convenientes en cada momento.

TÍTULO TERCEIRO

REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS Ó CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS

Artigo 9. Destino das rendas e ingresos

A fundación destinará o patrimonio e as súas rendas ao cumprimento dos fins fundacionais.

Á realización dos fins fundacionais deberá ser destinado, polo menos, o setenta por cento dos resultados das explotacións económicas que se desenvolvan e dos ingresos que se obteñan por calquera outro concepto, deducidos os gastos realizados para a súa obtención, debéndose destinar o resto a incrementa-la dotación fundacional ou a reservas segundo acordo adoptado polo padroado. Non se incluirán no cálculo dos ingresos as doazóns recibidas en concepto de dotación.

O prazo para o cumprimento desta obriga, será o comprendido entre o inicio do exercicio no que se obtiveran e os catro anos seguintes ao peche do dito exercicio

Os gastos de administración non poderán superar a porcentaxe fixada na lexislación vixente.

Artigo 10. Publicidade das actividades

O padroado porá dar información suficiente dos fins e actividades da fundación, a través de páxina web de contar con ela, nos termos sinalados no artigo 27 do Decreto 14/2009, de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de Interese Galego, para que sexan coñecidos polos eventuais beneficiarios e demais interesados.

Artigo 11. Beneficiarios

A fundación atenderá principalmente ás necesidades derivadas do estudo, promoción, execución do REMSS, e en xeral de todas as necesidades do sector extractivo pesqueiro encamiñadas a asegurar o seu sostemento económico e viabilidade de futuro.

Asemade atenderá ás solicitudes de entidades públicas ou privadas para facilitar os servizos de formación, promoción, estudo ou investigación que o Padroado considere oportunos.

Serán beneficiarios, polo menos ou de forma preferente, aqueles colectivos, institucións, empresas ou traballadores pertencentes ou vencellados co sector pesqueiro (fundamentalmente galego) en xeral.

Deste xeito a Fundación procurará o beneficio destes a través do mantemento da capacidade produtiva–extractiva, da súa formación, da súa sustentabilidade, da mellora competitiva, da introdución da innovación, do mantemento da capacidade de emprego, da mellora socioeconómica particular ou colectiva ou de calquera outro xeito de beneficio ao sector pesqueiro galego.

Tamén o serán aquelas áreas xeográficas, comarcas, bisbarras ou entornos costeiros galegos, as súas poboacións, a súa cidadanía a súa sustentabilidade medioambiental ou incluso a propia cultura pesqueira vencellada a estes espazos.

Por último, a Fundación fará un especial esforzo en atender as solicitudes das entidades ou administracións (públicas ou privadas) de cara a servir de asesoramento, promoción, e difusión de todas aquelas materias que poidan ser importantes no noso sector.

O Padroado, en canto á determinación dos beneficiarios das actividades da Fundación, actuará con criterios de imparcialidade e non discriminación

TÍTULO CUARTO

ORGANOS DA FUNDACIÓN: ÓRGANOS DE GOBERNO E ÓRGANOS DE XESTION

I – ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 12. O Padroado

O padroado é o órgano de goberno, representación e administración da fundación, e executará as funcións que lle corresponden con suxeición ó disposto no ordenamento xurídico e nos presentes estatutos.

Correspóndelle ao padroado o cumprimento dos fins fundacionais, a administración dos bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación, mantendo o seu rendemento e utilidade. Os membros do padroado deberán desempeñar as súas funcións coa dilixencia dun representante leal.

Os membros do padroado responderán solidariamente fronte á fundación dos danos e prexuízos que ocasionen polos actos contrarios á lei ou aos estatutos, ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o seu cargo.

Artigo 13. Carácter gratuíto do cargo de patrón

Os patróns exercerán o seu cargo sen que, poidan percibir retribución polo desempeño da súa función.

Os patróns terán dereito a seren reembolsados dos gastos debidamente xustificados que o desempeño da súa función lles ocasione.

Artigo 14. Composición

O padroado estará composto por un mínimo de 3 e un máximo de 20 membros.

Poderán ser membros do padroado as persoas físicas que teñan plena capacidade de obrar e non estean inhabilitadas para o exercicio de cargos públicos.

Os patróns que sexan persoas físicas, deberán exercer o seu cargo persoalmente, non obstante poderá actuar no seu nome e representación outro patrón por el designado.

Igualmente poderán formar parte do padroado as persoas xurídicas que deberán designar a estes efectos a persoa física que as represente.

Serán membros natos do padroado, segundo consta na escritura pública de Constitución:

Os membros do Consello de Administración da Sociedade LONJA DE LA CORUÑA, S.A.

As persoas que ostenten os cargos de:

- *Alcalde de A Coruña*
- *Responsable da Consellería da Xunta de Galicia que teña competencias sobre pesca*
- *Presidente da Deputación de A Coruña*
- *Presidente da Autoridade Portuaria da Coruña*
- *Reitor da Universidade da Coruña*

Os membros natos do Padroado porán ser substituídos nas reunións dos órganos da fundación polas persoas que designen debendo comunicar dita substitución ao

Presidente da Fundación con antelación suficiente á celebración das reunións convocadas.

Serán membros electivos do padroado, designados polos membros natos:

Un representante sindical, a proposta das organizacións sindicais máis representativas

Un representante da Asociación de Minoristas

Un representante da flota de baixura da Coruña

Un representante dunha entidade financeira colaboradora habitual co sector pesqueiro

Un representante da Confederación de Empresarios de A Coruña

Ase mesmo poranse elixir ata un máximo de 4 membro electivos designados polos membros natos entre aquelas persoas ou entidades que pertenzan ou colaboren co sector pesqueiro.

Artigo 15. Regras para a designación e substitución dos seus membros

A designación de novos membros farase polo padroado que figure inscrito no rexistro de fundacións de interese galego, por acordo da maioría dos seus membros

O patróns electivos desempeñarán as súas funcións por períodos de 4 anos, sendo designados por maioría simple podendo ser reelixidos.

O padroado dentro do último mes do período do mandato vixente, procederá á designación dos novos membros.

No caso de cese ou renuncia de algún dos membros que compoñen o padroado, corresponderá ao padroado acordar se procede a súa substitución ou non, sempre que o padroado manteña o número mínimo de membros establecido no art.14.

Os membros do padroado, para o exercicio das súas actividades, deberán aceptar o seus cargos na forma prevista na normativa vixente. As designacións coas correspondentes aceptacións, e os ceses serán comunicadas ao protectorado, e inscritos no Rexistro de Fundacións.

Artigo 16. Formas de aceptación

Os patróns entrarán a exercer as súas funcións despois de aceptar expresamente o seu cargo. Esta aceptación poderá constar no outorgamento da carta fundacional, en documento público independente, en documento privado con sinatura lexitimada por un fedatario público, mediante comparecencia realizada ante o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ou perante o padroado, acreditándose mediante certificación expedida polo secretario co visto e prace do presidente.

Artigo 17. Organización do padroado

O padroado designará de entre os seus membros un presidente e vicepresidente se é o caso.

Así mesmo o padroado designará un secretario, cargo que poderá recaer en persoa allea ao padroado, neste caso terá voz pero non voto.

Artigo 18. O presidente

O cargo de Presidente será ostentado pola persoa que ocupe o cargo de Presidente do Consello de Administración de Lonja De La Coruña, S.A.

Ó presidente correspóndelle exercer a representación da fundación ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas; convocar as reunións do padroado, presidilas, dirixir os seus debates e resolver os empates que se produzan nas votacións co seu voto de calidade.

Tamén lle corresponde a execución dos acordos adoptados, podendo para isto realizar toda clase de actos e asinar aqueles documentos necesarios para tal fin.

Artigo 19. O vicepresidente

O cargo de Vicepresidente será ostentado por un dos vogais do Consello de Administración de Lonja De La Coruña, S.A., que ostente a representación dos comercializadores.

Corresponderá ó vicepresidente realizar as funcións do presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, podendo actuar tamén en representación da fundación, naqueles supostos en que así se determine por acordo do padroado.

Artigo 20. O secretario

Son funcións do secretario custodiar a documentación pertencente á fundación, redactar as actas correspondentes ás reunións do padroado, e a súa transcrición ao correspondente libro de actas, expedir as certificacións e informes que sexan necesarios, e todas aquelas que expresamente lle sexan atribuídas.

Ase mesmo o Secretario porá actuar como portavoz da Fundación encargándose xunto co Presidente das relacións institucionais, relacións cos medios de comunicación e aquelas outras que lle podan ser encomendadas polo Padroado.

Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, o secretario será substituído polo vocal de menor idade do padroado.

Artigo 21. Facultades do padroado

Na súa actuación, o Padroado deberase axustar ó preceptuado na lexislación vixente, e á vontade dos fundadores manifestada nestes estatutos.

Corresponde ó Padroado cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación mantendo plenamente o seu rendemento e utilidade.

Con independencia das funcións que lle atribúen os presentes estatutos e sen prexuízo de solicitar, se é o caso, as preceptivas autorizacións ó protectorado, a título meramente enunciativo, serán facultades do padroado:

a) Exerce-lo goberno, a representación, inspección, vixilancia e orientación da fundación.

b) Interpretar e desenvolve-los presentes estatutos e, se é o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación sempre que resulte conveniente para os intereses da fundación e a mellor consecución dos seus fins.

c) Fixa-las liñas xerais de funcionamento da entidade e de distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as actividades da fundación.

d) Acordar a apertura e peche dos seus centros, oficinas e delegacións.

e) Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes así como a revogación dos mesmos.

f) Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que serán obxecto de presentación ó protectorado.

g) Delega-las súas facultades en un ou máis patróns, sen que poidan ser obxecto de delegación:

- A aprobación das contas anuais e do plan de actuación.

- A modificación dos estatutos.

- O acordo de fusión, extinción ou liquidación da fundación.

- Calquera acto que precise a autorización ou aprobación do protectorado.

Artigo 22. Dereitos e obrigas dos membros do padroado

Son dereitos dos membros do padroado:

a) Recibir a convocatoria coa orde do día e asistir ás xuntanzas dos órganos dos que formen parte.

b) Exercer o dereito de voto.

c) Obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións.

Son deberes dos membros do padroado:

a) Cumprir e facer cumprir os fins fundacionais.

b) Administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación mantendo o seu rendemento, utilidade e produtividade segundo os criterios económico-financeiros dun bo xestor.

c) Asistir as xuntanzas do padroado e velar pola legalidade dos acordos que nelas se adopten.

d) Realizar os actos necesarios para a inscrición da fundación no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 23. Responsabilidades dos patróns

Os patróns deberán desempeñar o seu cargo coa dilixencia dun representante leal.

Os patróns responderán solidariamente fronte á fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou ós estatutos ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o cargo. Quedarán exentos de responsabilidade os que votasen en contra do acordo e os que proben que , non intervindo na súa adopción e execución, descoñecía a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos se opuxeron expresamente a aquel.

Artigo 24. Cesamento e suspensión dos membros do padroado

O cesamento e suspensión dos membros do padroado producirase nos supostos previstos no artigo 24 da Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e ademais polas seguintes causas:

a) Deixar de desempeñar o cargo en razón do cal foron designados, sen prexuízo da súa substitución polo novo titular do cargo.

b) Por acordo de 2/3 dos votos do padroado, cando exista incumprimento reiterado das súas obrigas coa fundación, non podendo participar na votación de dito acordo o membro cesado ou suspendido.

c) Renuncia ou desistencia.

d) Inhabilitación para o exercicio de cargo público.

A renuncia ao cargo de patrón poderá facerse por calquera dos medios e cos trámites previstos para a aceptación do cargo.

O cesamento e suspensión dos membros do padroado comunicarase ao protectorado e inscribirase no Rexistro de Fundacións.

Artigo 25. Reunións do padroado

O padroado reunirase, polo menos, dúas veces ó ano e tantas veces como sexa preciso para a boa marcha da fundación. Corresponde ó presidente convocar as reunións, por propia iniciativa ou a petición das 2/3 partes dos membros do padroado. Nestas reunión porán participar con voz, pero sen voto un representante de cada unha das Asociacións que compoñen o Consello de Administración da sociedade fundacional.

A convocatoria expresará a orde do día, así como o lugar, data e hora da reunión, cursarse por escrito e farase chegar a cada un dos membros, polo menos, con nove días de anticipación á data da súa celebración, por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción, ase mesmo porá realizarse a convocatoria por medios telemáticos.

Non será precisa convocatoria previa cando, estando presentes tódolos patróns, acorden por unanimidade a celebración da reunión e a correspondente orde do día.

Artigo 26. Formas de deliberar e adoptar acordos

O padroado entenderanse validamente constituído cando concorran, presentes ou representados, polo menos a metade máis un dos seus membros.

Os acordos serán inmediatamente executivos e adoptaranse por maioría absoluta dos asistentes, sendo dirimente en caso de empate o voto do presidente. Non obstante

requirirase voto favorable de 3/5 partes dos membros do padroado para aprobar acordos que se refiran á reforma ou modificación dos estatutos, á disposición de bens a título gratuíto, á fusión e á extinción da fundación.

Das reunións do padroado levantarase acta polo secretario, que deberá ser subscrita por tódolos membros presentes e aprobada na mesma ou seguinte reunión. Unha vez aprobada transcribirase no correspondente libro de actas e será asinada polo secretario co visto e prace do presidente.

II – ORGANOS DE ASESORAMENTO E XESTIÓN

Artigo 27. Consellos asesores

O padroado poderá crear consellos asesores e comisións de estudo, así como órganos similares con funcións de apoio e asesoramento, para o mellor desenvolvemento dos fins fundacionais.

A creación destes órganos deberá ser notificado ao protectorado e inscrito no Rexistro de Fundacións.

Ase mesmo porá contar con entidades colaboradoras, e membros de honor designados en todo caso polo Padroado.

Por acordo do Padroado porase nomear un órgano de xestión coas funcións que o Padroado acorde concederlle.

Artigo 28. Persoal

A fundación porá contratar un xerente ou o persoal necesario, se ase o estimasen os órganos correspondentes como necesarios.

TÍTULO QUINTO

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 29. Patrimonio fundacional

O patrimonio da fundación está integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica que integren a dotación, así como por aqueles que adquira a fundación con posterioridade á súa constitución, aféctense ou non á dotación.

Uns e outros deberán figurar a nome da fundación, constar no seu inventario e no Rexistro de Fundacións de interese galego.

O padroado promoverá, baixo a súa responsabilidade, a inscrición a nome da fundación dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio nos rexistros públicos correspondentes.

Artigo 30. Adscrición do patrimonio fundacional

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ó cumprimento dos fins que a fundación persegue, nos termos establecidos na lexislación vixente e nos estatutos.

Artigo 31. Financiamento

A fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e, se for o caso, con aqueles outros procedentes das axudas, subvencións ou doazóns que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas.

A fundación poderá percibir cantidades derivadas de actividades e servizos directamente prestados por ela ós seus beneficiarios sempre que:

a) Non desvirtúe o interese xeral para a Comunidade Autónoma.

b) Non sexan contrarios a vontade fundacional.

c)Non implique unha limitación inxustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios.

O exercicio económico coincidirá co ano natural.

Na xestión económico-financeira, a fundación rexerase de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

Artigo 32. Plan de actuación

O Padroado elaborará e remitirá ao Protectorado nos últimos tres meses de cada exercicio, un Plan de actuación no que se conteñan os obxectivos e as actividades que se teña previsto desenvolver no exercicio seguinte, xunto coa previsión de ingresos e gastos e memoria explicativa do mesmo.

Artigo 33. Contas anuais

A fundación, levará unha contabilidade ordenada e adecuada á súa actividade, que permita o seguimento cronolóxico das actuacións realizadas, para iso, contará cun Libro Diario, Libro de Inventarios e Contas Anuais.

O Padroado ou a persoa que este designe, formulará as contas anuais que deberán ser aprobadas polo padroado no prazo de seis meses desde o peche do exercicio económico, e presentaranse ante o Protectorado no prazo de vinte días hábiles

seguintes á súa aprobación para o seu exame e posterior depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

As contas anuais, que comprenden balance, conta de resultados e memoria, forman unha unidade, deben ser redactadas con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación. Presentaranse asinadas pola presidencia, ou pola persoa á que segundo os estatutos lle corresponda formulalas.

A memoria completará, ampliará e comentará a información contida no balance e na conta de resultados, e incorporará un inventario dos elementos patrimoniais da fundación. Ademais, incluirase na memoria as actividades fundacionais, os cambios no órgano de goberno, dirección e representación, así como o grado de cumprimento do plan de actuación, indicando os recursos empregados, a súa procedencia, o número de beneficiarios en cada unha das distintas actuacións realizadas, os convenios que no seu caso se subscribiran con outras entidades para estes fins, así como o grado de cumprimento do destino de rendas e ingresos.

As contas anuais someteranse á auditoría externa, remitindo ó protectorado o informe da mesma xunto coas contas anuais, nos casos previstos legalmente.

Artigo 34. Exercicio económico

O exercicio económico da fundación iníciase o 1 de xaneiro e remata o 31 de decembro.

TÍTULO SEXTO

DA MODIFICACIÓN, FUSIÓN, ESCISIÓN OU EXTINCIÓN

Artigo 35. Modificación de estatutos

Por acordo do padroado, poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que resulte conveniente ós intereses da fundación e se cumpran os requisitos previstos nestes estatutos e na lexislación vixente.

Procederase a dita modificación cando as circunstancias que presidiron a constitución da fundación tiveran variado de tal maneira que esta non poda actuar satisfactoriamente con de conformidade cos estatutos en vigor.

Artigo 36. Fusión e/ou escisión

A fundación poderase fusionar con outra ou outras, logo do acordo dos respectivos padroados. Igualmente o padroado poderá aprobar a escisión de parte da fundación, nos termos e cos requisitos legalmente establecidos.

Artigo 37. Extinción da fundación

A fundación extinguirase polas causas e de acordo cos procedementos establecidos pola lexislación vixente.

Artigo 38. Liquidación e adxudicación

A extinción da fundación determinará a apertura do procedemento de liquidación que será realizada polo padroado baixo o control do protectorado.

Os bens e dereitos resultantes da liquidación destinaranse ás fundacións ou ás entidades non lucrativas privadas ou públicas que persigan fins de interese xeral e que

teñan afectados os seus bens, incluso para o suposto de disolución, á consecución daqueles, e que estean consideradas como entidades beneficiarias do mecenado, ou a entidades públicas de natureza non fundacional que persigan fins de interese xeral.

Corresponde ao Padroado designar as entidades receptoras destes bens, de acordo co establecido na lexislación vixente.

Artigo 39. Adopción dos acordos e comunicación e inscrición no Rexistro

Para a adopción de acordos de modificación, fusión, escisión, extinción e liquidación, será necesario o voto favorable de 3/5 dos membros do padroado.

Os ditos acordos serán comunicados e/ou autorizados polo protectorado aos efectos de cualificación de legalidade, formalizados en escritura pública e inscritos no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

CLÁUSULA ADICIONAL

En todo caso, o previsto nos presentes estatutos non implica limitación ou substitución nas competencias que ó protectorado atribúe a lexislación vixente, e moi especialmente en relación coas autorizacións ou limitacións a que a fundación expresamente se somete.

ES COPIA SIMPLE